

Comunicado da ETA

"Pronto se cumprirán 30 anos dende que nos foi imposta a Constitución española. Os ex franquistas e os 'demócratas' españois xa comezaron as celebracións. No 78 os vascos rexeitamos esa Constitución que pisa os dereitos do noso Pobo, precisamente porque impide que Euskal Herria decida o seu futuro en democracia e liberdade.

Esa Constitución supón un obstáculo para a construción dun Estado vasco, que ademais pretende introducilo na legalidade española. Asimilación, é dicir, a desaparición deste pobo.

De todos os xeitos, hoxe día, a negación política e a partición institucional son os instrumentos utilizados contra a vontade dos vascos.

A Constitución española e toda a lexislación creada a partir dela son o principal límite antidemocrático que se nos impón. Todos debemos loitar para levantar eses límites. Algúns, en cambio, atoparon o seu sitio dentro desa situación, dentro de 'España'. Como se puido ver claramente en Navarra, a preocupación principal daqueles que se consideran 'progresistas', 'demócratas' e 'abertzales' é repartírense unhas migallas de poder logo dunhas eleccións antidemocráticas e xustificar a estratexia de guerra do Goberno español, no canto de denunciar o estado de excepción que impón ao noso pobo. E o que é peor, a Igrexa española enviou a un xeneral a Navarra para que sexa bispo. Teñen como obxectivo a paz? Quérennos conquistar outra vez con sangue e lume?

Ese intento por xustificar a actitude do Goberno español non pode esconder o sucedido durante os últimos meses, porque as máscaras caeron. Ao incumplir os puntos acordados con ETA na mesa de negociación, o Goberno español buscou desgastar á esquerda abertzale e desactivar o proxecto independentista para Euskal Herria. O obxectivo do Goberno español foi levar ao cabo un proceso sen contido político, en definitiva, un proceso de rendición, para manter a negación e a partición imposta a Euskal Herria, quitando do medio, ademais, á resistencia vasca.

Pero fracasaron nese intento, como tamén fracasará calquera solución que non estea baseada nos dereitos democráticos de Euskal Herria. ETA propuxo na mesa de negociación unha resolución que daría resposta aos dereitos de Euskal Herria, pero recibiu un 'non' como resposta por parte do Goberno español. Ao final, esa postura de negación do PSOE provocou a ruptura da negociación, porque non mostrou a postura e a vontade que requiren un proceso de tales características.

O Goberno español non quere renunciar á súa posición de negación pola forza dos dereitos de Euskal Herria, porque non quere dar vía libre a que os vascos decidan en liberdade e sen restricións sobre o seu futuro, xa que o Goberno español ten medo desaír perdedor da disputa entre o seu proxecto e o de Euskal Herria. Sabe que o futuro político, económico e cultural dos vascos está nun Estado vasco independente, porque os vascos non temos futuro baixo o dominio de España e Francia. Ao contrario, o Goberno do PSOE está intentando pechar esa opción de futuro para o noso pobo, negando o dereito de autodeterminación e mantendo a partición de Euskal Herria dentro do proxecto de España, coma se dun terrón de azucre que se derrite no seu proceso de reforma se tratase.

A dinámica dos últimos meses, en cambio, deixou en evidencia a crise de PSOE e PNV. O PNV de Imaz e Urkullu non se decata de que o seu intento por reeditar o espírito do Arriaga e dos tempos de Ardanza puxo ao partido ao bordo da ruptura. A base do PNV, ao contrario que os seus burukides, non acepta a "sedución" de España e a defensa dos intereses empresariais que o representan. Tampouco acepta que Imaz se amosase disposto a pactar co niño da ultra dereita que é o PP. Nin iso nin que Balza ou outros dirixentes vascongados utilicen os seus instrumentos policiais e comunicativos contra o pobo. Dan malleiras aos cidadáns, detéñenlles ou lles espían e despois utilizan a radio televisión autonómica vasca como instrumento de intoxicación e desinformación. A súa misión é esconder a realidade ante as denuncias de tortura e persecución, agora que o masacre político contra os presos vascos está a ser continuo. Non lles vimos nunca informando ao pobo nin ensinando as evidencias. Prefiren seguir cómodos e mirar cara ao outro lado, aínda que para iso teñan que lamer a man do que lles dá para comer. Esqueceron que un ente público non ten dono, que non pode estar ao servizo de intereses particulares, senón ao servizo do pobo. Todos eses responsables deberán defender algún día o que fixeron ante unha futura Xustiza vasca.

O Partido Socialista tamén está en crise en Euskal Herria, deixando en evidencia que o PSN non é máis cá marioneta de Madrid. priorizaron os intereses do Estado español por encima dos da sociedade navarra. Por iso, moitos membros do PSN e do PSE están enfadados. E non lles falta razón. Antes, os socialistas 'vasco-navarros' decidían en Euskal Herria, pero hoxe día vénlles Branco a ordenar o que teñen que decidir. Velaí a fonte da crise do Partido Socialista.

Tamén están enfadados moitos cidadáns tras dicir Zabaleta que, a cambio dunha cadeira de brazos, estaba disposto a deixar de lado o futuro de Navarra e de Euskal Herria. E tampouco lles falta razón.

Quedou claro que o obxectivo de Madrid é liquidar o proxecto independentista para Euskal Herria. Madrid quere utilizar a partición de Hego Euskal (sur de Euskal Herria, que se corresponde co País Vasco peninsular) como moeda de cambio. Busca que a Esquerda Abertzale e o proxecto independentista asimilen a España. Queremos alertar diso á sociedade vasca, xa que as manobras políticas que fagan despoisterán ese obxectivo. Pero non o lograrán.

Queremos chamar a todos os abertzales e demócratas para que sigan traballando nese camiño, xa que para que haxa novas oportunidades para crear un Estado vasco todos son necesarios. Chamamos a que todas as voces exprésense alto ante a falta de democracia e a inxustiza.

ETA quere comunicar que, con ese obxectivo e ata que todos os proxectos poidan ser defendidos en condicións democráticas en Euskal Herria, decidiu seguir golpeando as infraestruturas do Estado español en todas as súas fronteas e defendendo Euskal Herria mediante as armas.

Finalmente, Euskadi ta Askatasuna quere facer chegar o seu pésame máis sentido aos familiares e amigos do gudari recentemente falecido Sabino Euba, Pelopintxo.

Seremos exemplo na nosa loita diaria ataque chegue a nosa vitoria. Adeus e honra, camarada!

En Euskal Herria, setembro de 2007"

Reivindicación dos últimos atentados

"ETA, organización socialista revolucionaria vasca para a liberación nacional, reivindica as seguintes accións armadas: acción cometida con dous explosivos o 25 de xullo, en Belagua, ao paso do Tour de Francia. Queremos denunciar que, a pesar de que ETA avisou con antelación da colocación dos artefactos, as autoridades de España decidiron non desaloxar a zona, como xa fixeron moitas veces ao longo da historia. Os responsables do Ministerio de Interior do Goberno español están decidindo ultimamente desaloxar parcialmente ou non desaloxar, e queremos alertar das consecuencias que iso causaría. Os responsables dos danos graves serían os responsables políticos españois e a policía.

Ataque armado cometido o 24 de agosto en Durango mediante coche-bomba, que causou grandes danos materiais e feriu a dous gardas civís.

Explosión dun coche-bomba o 26 de agosto en Castelló.

Acción armada mediante colocación o 2 de setembro de artefactos en estradas con entrada-saída en Euskal Herria."